

Etiopía: Máis aló da seca

1.



1. Escribe 5 palabras que che suxira a fotografía 1.

2. Escribe 5 palabras que che suxira a fotografía 2.

3. ¿A que lugar cres que corresponden estas imaxes?

2. Cando falla a chuvia



Invítámoste a descubrir un novo país...

4. ¿Que sabes de Etiopia? Escribe 5 palabras que definan a túa idea sobre o país.

5. Busca a seguinte información sobre Etiopia.

Superficie:
Poboación:
Capital:
Linguas:
Principais ríos:
Clima:
Esperanza de vida ó nacer:
PIB:
Principais sectores económicos:
Principais cultivos:
Principais produtos de exportación:

Pódela atopar en: www.encarta.com e www.guiadelmundo.org

6. Le atentamente estes titulares e compáraos coa información obtida na actividade anterior.

A seca e a falta de alimentos pronostican unha nova catástrofe en Etiopia

LA VANGUARDIA, 18/11/2002

En Etiopia morren primeiro as vacas, despois as cabras e a continuación as persoas


EL PAÍS, 6/12/2002

É posible que 11 millóns de persoas morran de fame en Etiopia e en Eritrea; mentres, a política agraria da UE e de EE.UU. frea a produción de certos produtos básicos e a destrución dalgúns excedentes.

EL PERIÓDICO, 24/11/02

7. ¿Por que cres que Etiopia, tamén chamada o "celeiro de África", chegou a esta situación?

3. ¿Por que hai fame en Etiopia?


 Agora xa sabes que unha das causas da fame en Etiopia é a seca, pero tamén hai outras. Continúa indagando cáles son as causas que fixeron que o país sexa noticia nos nosos diarios.

 **8. Le atentamente o seguinte texto e subliña as causas que cres que influíron na situación que vive Etiopia actualmente.**

O paradoxo de Etiopia é que podería se-lo celeiro de toda África. Incluso despois de ter padecido fortes secas nos anos 1984 e 2000, hai terras moi fértils que producen unha ampla variedade de cultivos e un dos mellores cafés do mundo. Ademais, Etiopia é o país africano con máis reses. A economía do país sufriu unha forte caída por mor da crise do café. Hai uns meses, un informe oficial aseguraba: "A maior preocupación do goberno este ano é o impacto que terá a baixada dos prezos do café e mais dos cereais sobre os pequenos agricultores". Segundo os cálculos do executivo, cerca de 15 millóns de familias dependen deste cultivo para a súa supervivencia, pero o prezo caeu este ano en picado. As implacables leis do comercio internacional precipitaron a pobreza.

Niega, director do Instituto de Investigación de Política Económica de Etiopia, opina que "se ben a seca foi o detonante desta crise alimentaria, a pobreza é a verdadeira causa, e esta está moi relacionada coa política agraria do país".

"A carencia de investimentos para o desenvolvemento do sector agrario, e un goberno debilitado pola caída do prezo do café e mais polo pagamento da débeda externa, deixaron a Etiopia nunha situación de total vulnerabilidade", comenta Diana Casellas, cooperante de en Etiopia.

 **9. Presentámosche diferentes comentarios de persoas etíopes . Relaciona cada testemuña cun dos seguintes conceptos:**

1. Necesidades básicas non cubertas

"Desde xullo só choveu dous días", explica Tshoma Abera, agricultor etíope.

2. Carencia de infraestruturas agrarias

"O gando case non bebe auga e está delgado e débil. Tódalas familias intentamos vendelo para conseguir máis diñeiro e poder mercar gran para comer." Asiya Ali, gandeira afar.

3. Goberno debilitado

"O goberno non ten medios para afrontar só esta crise". Meies Zenawi, primeiro ministro etíope.

4. Seca


A débeda externa na década dos 80 era de 1.800 millóns de dólares, hoxe é de 5.600". Berahanu Niega, director do Instituto de Investigación de Política Económica de Etiopia.


5. Débeda externa

"Como temos que vende-lo café máis barato, xa non podemos mercar roupa, nin ,... tampouco podemos paga-los gastos médicos, nin manda-los nosos fillos á escola. Moitos de nós vímonos obrigados a vende-los bois e mailas cabras a baixo prezo. Todos intentamos sobrevivir comendo o millo que cultivamos". Pequenos produtores de café etíopes.

6. Caída do prezo do café

"A máis pobreza, menos diñeiro para investir na terra, en máis sementes, en sistemas de rega... e, polo tanto, peores colleitas". , xefe Kelil Golie, Jefe da oficina de Desenvolvemento Rural.

 Xa coñeces algunhas das causas que xeran a fame en Etiopia, así como algúns dos efectos que ten sobre a poboación.

 10. Agora imaxina que vives en Etiopia e es un dos seguintes personaxes. Le atentamente a situación na que se atopan e decide qué é o que farías.

Situación 1: **Familia de agricultores**

Sodes unha familia que cultivades un anaco de terra onde plantades millo. Ademais, tamén tedes dez vacas. Este ano non choveu e, polo tanto, a colleita foi moi mala. Isto supuxo un aumento do prezo do millo no mercado ó que ides mercar e vender.

- **¿Que opcións tes? (Pensades que tódalas familias das diferentes comunidades da zona están na mesma situación).**

Situación 2: **Pequenos produtores de café**

Sodes unha familia que cultiva café para vendelo, e dedicades unha pequena parte do terreo ó cultivo de subsistencia (basicamente ó millo). Desde hai algún tempo, cada ano que pasa, a empresa que vos merca o café págavos menos diñeiro pola mesma cantidade. Co diñeiro que ganabades antes, podíades paga-la escola dos voso fillos e fillas (tedes cinco), roupa e outros alimentos. Este ano, o prezo do café foi tan baixo que non vos chega para cubrir tódolos gastos.

- **¿Que podeades facer?**

Situación 3: **Goberno etíope**

Sodes membros do actual goberno etíope, un goberno empobrecido que non dispón de suficiente diñeiro para poder investir na construción de pozos, en estradas, escolas, hospitais... Os vosos ingresos dependen basicamente da exportación do café, pero o prezo deste produto caeu en picado nos últimos 5 anos. Ademais, pedísteslles créditos importantes a outros países máis ricos e, claro está, cada ano védesvos obrigados a paga-la débeda con xuros incluídos. Aínda lle debesdes ó Banco Mundial os créditos de hai 5 anos. Agora, a poboación do voso país está padecendo as consecuencias dun ano de malas colleitas.

- **¿Que podeades facer para solucionar-lo actual problema?**
- **¿Que políticas poderíades desenvolver no futuro?**

 11. Volve le-la actividade 7 e intenta contesta-las preguntas de novo. **¿Que cambiarías agora?**

4. ¿Quen axuda a quen?

12. Debatede estas afirmacións e entre todos tirade conclusións.

- Se os países empobrecidos do terceiro mundo lles deixaran de paga-la débeda externa ós ricos, poderían investir este diñeiro para desenvolver-lo sector agrario e para necesidades básicas.
- As leis do comercio internacional favorecen os países ricos. O norte protéxese da competencia que poderían representa-los productos manufacturados e agrícolas do sur, máis baratos cós seus, mentres que os productos do norte invaden os mercados do sur.
- Gracias á presión social, a multinacional accedeu a chegar a un acordo co goberno etíope. reducirá a súa reclamación de 6 millóns de dólares a 1'5 e reinvestirá este diñeiro en programas de loita contra a fame.
- Os países do sur envíanlles ós do norte, en concepto de pagamento da débeda externa, 4'4 veces máis que toda a "axuda" que o norte lle dedica ó sur.